

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE FERROL E A ASOCIACIÓN DE VECIÑOS VALLE DE ESMELLE PARA O DESENVOLVEMENTO DO “PROXECTO ESMELLE: PLAN DE RECUPERACIÓN DO PATRIMONIO MATERIAL E INMATERIAL DO VAL DE ESMELLE 2019”

Na casa do Concello de Ferrol, a

REUNIDOS

DUNHA PARTE, don Angel Manuel Mato Escalona, alcalde do Excmo. Concello de Ferrol en representación do Concello en virtude das facultades que lle confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local e 61.1 da 5/1997, de Administración Local de Galicia.

DOUTRA PARTE, don Miguel Parra Gómez, con DNI.- 32611743C na súa condición de Presidente da asociación de veciños “Valle de Esmelle” e en virtude das facultades que lle confire o artigo 32 dos seus estatutos.

Ambas ás dúas partes actúan no exercicio dos seus respectivos cargos e recoñécense mutuamente capacidade para obrigarse nos termos do presente convenio

MANIFESTAN

Que resulta básico para o actual grupo de goberno do Concello de Ferrol, potenciar e realizar actuacións que consigan o máximo equilibrio territorial e social no termo municipal de Ferrol.

Que defendemos a participación activa da veciñanza tanto no desenvolvemento das súas propias iniciativas como no diagnóstico e avaliación das actuacións que dende o Concello se programen para os seus respectivos ámbitos territoriais.

Que para o Concello de Ferrol o “Proxecto Esmelle” de recuperación do patrimonio material e inmaterial que promove a asociación de veciños “Valle de Esmelle” s puxo

en marcha no ano 2003, ten unha significación relevante, por canto representa dunha parte un impulso á convivencia e participación dos veciños, e doutra parte á recuperación duns bens patrimoniais para disfrute de todos os cidadáns. Esta relevanciaponse de manifesto tanto no propio Concello como fora del, xa que recibiu numerosos premios ao longo do seu percorrido:

- ✓ 2005.- Accésit no PREMIO AGADER 2005
- ✓ 2008.- O Comité Hábitat Español seleccionounos para participar no VII concurso internacional de Boas Prácticas de Nacións Unidas onde a nosa práctica obtivo a calificación de GOOD.
- ✓ 2008.- Vicepresidencia da Xunta de Galicia concedeunos unha mención honorífica nos PREMIOS SOLIDARIEDADE DE GALICIA
- ✓ 2008.- Invitados como expertos no foro científico "Tribuna da Auga" da Expo de Zaragoza 2008
- ✓ 2008.- Premio á Entidade do ano da Asociación Cultural "Lefre de Caldereta" de Ferrol
- ✓ 2009.- Insignia de Ouro do Concello de Ferrol.
- ✓ 2009.- 5º mellor valoración no Premio Nacional de Medio ambiente do Ministerio de Medio ambiente
- ✓ 2009.- Boa práctica publicada no VII CATÁLOGO ESPAÑOL DE BOAS PRÁCTICAS do Comité Hábitat Español
- ✓ 2011.- Finalista del Premio Nacional "Macario Asenjo" de Desarrollo Rural
- ✓ 2012.- Accésit no Premio Aproema Medio ambiente 2012 da Confederación Galega de Empresarios.
- ✓ 2013.- Finalista Premio Nacional "Macario Asenjo" de Desarrollo Rural.
- ✓ 2014.- Premio Nacional ao Desenvolvemento Rural "Macario Asenjo" .
- ✓ 2015.- Premio Medio Ambiente Fundación Luis Tilve.
- ✓ 2017.- Medalla de bronce al Mérito social penitenciario.

Por todo isto, e dada a singularidade deste proxecto esixe dunha atención especial e cando menos tentar prestarlle dende o Concello a máxima colaboración tanto económica como técnica.

POR SECRETARÍA XERAL
 Ferrol, 20 SET 2019
 O SECRETARIO XERAL




Por canto antecede, ambas as dúas partes acordan subscribir o presente convenio de colaboración, que se rexerá polas seguintes,

CLAUSULAS

Primeira.- Obxecto do convenio

O presente convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que o Concello de Ferrol, a través da área de Servizos concede unha subvención á asociación de veciños de Esmelle coa finalidade de desenvolver os traballos incluídos no “Proxecto Esmelle” para a recuperación do patrimonio material e inmaterial do Val de Esmelle.

1. **O Proxecto Esmelle pretende realizar os seguintes traballos e actividades durante o ano 2019.**

2. **Mantemento e conservación dos seguintes bens cedidos á asociación de veciños por un período de 30 anos para o seu uso con fins públicos:**

- ✓ Muíño do Ferreiro
- ✓ Muíño de Andrés Gómez
- ✓ Muíño de Pepa
- ✓ Muíño de Lavandeira
- ✓ Muíño de Felipe
- ✓ Muíño das Salgueiras
- ✓ Muíño da Longra
- ✓ Lavadoiro e muíño das Mariñas
- ✓ Muíño Novo.
- ✓ Inmable na Longra nº7- según a tradición oral de Esmelle antigo Concello de Esmelle.

En todos eles realizaranse pequenos traballos de mantemento, tratando de manter o seu bo estado de conservación (desbroce do seu entorno, cintado de muros, reposición de tellas, mantemento de portas e ventás, limpeza interior...)

INFORMACIÓN FUNDAMENTAL
FORO SECRETARÍA XERAL
Ferrol, 20 SET 2019
O SECRETARÍA XERAL

3. Mantemento e conservación das rutas de sendeirismo:

- ✓ Ruta da Poza da Lagoa
- ✓ Ruta dos muíños de Esmelle
- ✓ Ruta dos sentidos

Traballos de limpeza e desbroce das rutas para mantelas operativas durante todo o ano. Reposición de paneis e sinais en mal estado.

4. Mantemento e conservación das rutas BTT

- ✓ Ruta dos Castillos
- ✓ Ruta dos muiños
- ✓ Volta a Esmelle
- ✓ Ruta a Chamorro
- ✓ Ruta das Praias
- ✓ Ruta ao Prior

Traballos de limpeza e desbroce das rutas para mantelas operativas durante todo o ano. Reposición de paneis e sinais en mal estado.

5. Sinalización e panelización interpretativa de novas rutas.

- ✓ Ruta do Roxedoiro

Traballos de desbroce e sinalización dunha nova ruta. Colocación de paneis interpretativos.

6. Formación, Xornadas e difusión, segundo os fins do proxecto.

- ✓ Obradoiro de antigos oficios (Ferreiro, Cesteiro, Zoqueiro...).
- ✓ Feira de Nadal
- ✓ Participación no programa medio-ambiental Voz natura
- ✓ Organización das XIV xornadas do Proxecto Esmelle.

Actividades para dar a coñecer a recuperación do patrimonio inmaterial da Parroquia, xornadas formativas relacionadas co proxecto, promoción de produtos locais a través de Feiras,...

7. Estudos, inventario e publicacións do patrimonio inmaterial de Esmelle

- ✓ Edición da revista "Proxecto Esmelle"
- ✓ Recompilación de fotografías e artigos de prensa antigos
- ✓ Festa etnográfica da sega e da malla

- ✓ Recuperación dos topónimos das fincas e vivendas
- ✓ Edición do libro "Esmelle en fotos (2ª parte)"
- ✓ VI concurso de rúeiros, fachadas e portais (Tradicións)

8. Visitas guiadas

- ✓ Rutas de sendeirismo guiadas, con visita a un muiño e posta en funcionamento
- ✓ Rutas BTT guiadas pola Costa Ártabra

Segunda.- Obrigas do Concello

O Concello de Ferrol no desenvolvemento do pactado concede á asociación de veciños "Valle de Esmelle" unha subvención directa, para a finalidade sinalada e no exercicio 2019, por un importe de SEIS MIL EUROS (6000 €) con cargo á partida 03109-1522-48000 do orzamento municipal en vigor.

O Concello ademais colaborará coa asociación de veciños "Valle de Esmelle" nas tarefas de asesoramento por parte do seu persoal técnico

Igualmente o Concello facilitará, dacordo coa súa programación e dispoñibilidade, os medios necesarios para unha adecuada información e difusión, así como os de localización e sinalización dos bens incluídos no "Proxecto Esmelle."

Terceira- Obrigas da asociación de veciños "Valle de Esmelle"

A asociación de veciños "Valle de Esmelle" destinará a subvención concedida só e exclusivamente para a finalidade establecida no presente convenio segundo a 1ª clausula.

A asociación de veciños obrígase a executar os traballos no ano 2019, e de non ser posible o cumprimento de dito prazo, deberá comunicarlle ó Concello tal incidencia para os efectos organizativos e orzamentarios oportunos.

A asociación de veciños comprométese a poñer a disposición do Concello, ademais dos bens xa recuperados ata día de hoxe, aqueles outros, que sexan recuperados a través do "Proxecto Esmelle". A disposición pública dos bens, será previamente formalizada entre a asociación de veciños "Valle de Esmelle" e os seus propietarios, en documento de compromiso, que recollerá, inequívocamente e como mínimo; a descripción do ben,

a modalidade de cesión, duración da cesión, e demais condicións; entendendo que deberá prevalecer a finalidade da súa utilidade pública sobre calquera outra.

A asociación de veciños comprométese, baixo a súa única responsabilidade e con carácter permanente á atención, conservación e mantemento dos bens incluídos no dito proxecto.

Así mesmo a asociación de veciños participará e colaborará co Concello no deseño de todas aquelas accións informativas e de divulgación así coma na programación de visitas guiadas e actividades formativas.

Cuarta.- Forma de pagamento e xustificación da subvención

O Concello de Ferrol comprométese a aboar á asociación de veciños "Valle de Esmelle" a cantidade de SEIS MIL EUROS (6000 €), do seguinte xeito:

Realizarase o pago anticipado de 100% do importe concedido, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación como financiación necesaria para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención.

O réxime de garantía quedará establecida a través da retención á entidade beneficiaria do 50% do importe concedido,.

A asociación de veciños xustificará ante o Concello de Ferrol, coa data límite de dous meses a contar da data da sinatura do Convenio, a totalidade da subvención concedida, de conformidade co establecido sobre o particular nas Bases de Execución do Orzamento Municipal, así como na normativa reguladora específica.

1.- Os beneficiarios das subvencións acreditarán antes do cobramento que están ao día nas súas obrigas tributarias, e mediante declaración responsable acreditarán non estar incurso en ningunha das prohibicións previstas no artigo 13 da LXS (Lei 38/2003).

2.- A forma da xustificación será definida pola propia resolución de concesión de acordo coa Lei 38/2003 de 17 de novembro Lei xeral de subvencións e o seu Regulamento.

En todo, deberase incluír na xustificación final:

- Unha memoria da totalidade da actividade realizada.
- Facturas orixinais ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa polo importe total da subvención concedida, ao abeiro do establecido no artigo 30.3 da Lei 38/2003 de 17 de novembro (Lei xeral

- Aquelas subvencións nas que a contía a outorgar a cada beneficiario non supere na convocatoria o importe de 3.000,00 euros.
- As subvencións outorgadas ás Administracións Públicas así como aos organismos, entidades públicas e fundacións do sector público pendentes daquelas, agás previsión.
- No caso de que a subvención se destine a financiar unha obra de máis de 50.000,00€ sen IVE ou unha subministracións ou servizo de máis de 18.000,00€ sen IVE teranse que achegar tres orzamentos, agás as excepcións do artigo 31.3 da LXS.

Quinta.-Vixencia do convenio

A vixencia do presente convenio será dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2019, prorrogándose no seu caso ata a finalización dos traballos subvencionados; e agás denuncia expresa de calquera das partes realizada como mínimo con dous meses de antelación á data de finalización da súa vixencia, mediante a correspondente notificación.

O incumprimento das obrigas dimanantes deste convenio, asumidas por ambas partes, producirá a extinción do mesmo aínda que non tivese chegado ó seu termo, sen prexuízo das esixencias de responsabilidade que poidan atribuírse a unha ou outra parte.

Sexta.- Lingua vehicular


Todos os documentos que se deriven deste convenio, escritos, notificacións, impresos, etc, e a publicidade nos distintos medios de comunicación, carteis, folletos, etc, e toda presenza pública mediante rótulos, avisos, sinais informativos ou calquera lugar de desenvolvemento da actividade obxecto deste convenio, estarán redactados en lingua galega de conformidade coa normativa oficial. Sempre que sexa posible, os textos de carácter público de todo este material someteranse á supervisión do Gabinete de normalización Lingüística.

O presente convenio ten natureza xurídico-administrativa e queda facultado o Concello para interpretar as dúbidas que xurdan no referente ó seu cumprimento.

Son competentes para coñecer de cantos litixios pudiesen xurdir das partes como consecuencia do presente convenio o xulgado e tribunais do orde xudicial contencioso-administrativo.


En proba e de conformidade, asinan o presente convenio por duplicado no lugar e data sinaladas no encabezamento.

O Alcalde,



Asdo.: Angel M. Mato Escalona

O presidente



Asdo.: Miguel Parra Gómez